



# DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS

**Programación Didáctica**  
**Curso 2021/2022**

**ÍNDICE:**

1. Introducción e contextualización	páx 3
2. Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave	páx 8
3. Concreción dos obxectivos para o curso	páx 16
4. Concreción para cada estándar:	páx 18
▪ Temporalización	
▪ Grao mínimo de consecución para superar a materia	
▪ Procedementos e instrumentos de avaliación	
▪ Competencias clave por estándar.	
5. Concrecións metodolóxicas	páx 22
6. Materiais e recursos didácticos	páx 24
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	páx 26
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	páx 30
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	páx 32
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	páx 33
11. Medidas de atención á diversidade	páx 34
12. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso	páx 37
13. Actividades extraescolares e complementarias	páx 39
14. Aplicación dos plans e proxectos do centro	páx 42
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	páx 46
16. Adaptacións da programación debido á crise sanitaria causada pola COVID-19:	páx 49
▪ Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.	
▪ Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática	
▪ Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.	

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### Referencias lexislativas nas que se fundamenta a programación

- LOMCE, Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Resolución do 20 de xullo de 2017 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes (próxima publicación no DOGA)
- Instrucións no curso académico 2016/2017 para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.

### Contextualización

#### Do noso centro:

O **CPI Castro Baxoi** é un centro de titularidade pública, integrado na zona educativa de Betanzos, que escolariza alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres). É o único centro escolar da zona coa oferta obrigatoria de Educación Primaria e Secundaria, ademais do 2º ciclo de Educación Infantil. Ten dúas escolas unitarias adscritas, as escolas de Bemantes, no Concello de Miño, e de Torres, no de Vilarmaior. Nas dúas escolarízanse alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil e os tres primeiros cursos de Educación Primaria.

O centro está situado na Rúa as Marismas, número 25, no lugar de Telle, dentro do núcleo de Miño, cunha construción moderna e pouco funcional. Foi construído en dúas fases, a primeira foi inaugurada en 1995-96, e está ocupada practicamente na súa totalidade pola Educación Infantil e Primaria. A segunda foi construída no curso 1999-2000 e nela se sitúan as aulas da ESO, e aulas específicas como Informática e Plástica, hoxe en día empregadas como aulas ordinarias.

Conta tamén cunha aula taller de Tecnoloxía e unha Biblioteca e unha Aula Específica para alumnado con NEE.

No noso alumnado atopamos unha importante dispersión espacial, como manifestan as seis liñas de transporte escolar utilizadas pola maioría do mesmo. Ademais xunto unha porcentaxe importante de alumnado con características semi-rurais, procedente das parroquias dos dous concellos, Miño e Vilarmaior, atopamos outra parte do alumnado con características e formas máis urbanas. Este feito ten moito que ver cos cambios que se están a producir no concello de Miño nos últimos anos, coa construción dalgunhas urbanizacións que atraen poboación doutros concellos próximos dándolle un carácter residencial.

É tamén un dato a ter en conta, o número significativo de alumnado procedente doutras comunidades e nacionalidades que nos últimos anos está a chegar ao noso municipio, a maioría deles co curso xa iniciado, algo que é necesario ter en conta á hora de programar e definir actividades e recursos. Por último, o noso centro matricula un número importante de alumnado procedente do centro de acollida de menores M<sup>a</sup> Inmaculada de Bañobre.

O noso CPI conta no curso 2021-22 cun total de **545 alumnos a 14 de setembro**. É importante sinalar o número significativo de alumnos que se incorporan ao centro ao longo do curso.

A distribución por cursos sería a seguinte:

<b>TOTAL ALUMNADO</b>		
<b>ETAPA</b>	<b>GRUPOS</b>	<b>ALUMNADO</b>
ED. INFANTIL	6	108
ED. PRIMARIA	14	271
ESO	7	166
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>	<b>545</b>

<b>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b>		
<b>Curso</b>	<b>Nº alumnos</b>	<b>Repetidores</b>
1º A	20	2
1º B	20	4
1º C	20	1
2º A	25	6
2º B	22	3
3º A	30	4
4º A	29	2
<b>TOTAL 9 grupos</b>	<b>166</b>	<b>0</b>

Pero sen dúbida un dos aspectos que caracterizan ao noso centro e que é preciso ter en conta á hora de deseñar as programacións, é o **alto número de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo**, que determinan en gran maneira a organización do noso centro e os nosos recursos. Entre este alumnado atopamos necesidades diversas: retraso madurativos, trastornos neurolóxicos, dificultades na linguaxe, TEA, TDA, TDAH, mutismos selectivo, síndrome de Down, privación socio-cultural, dificultades de aprendizaxe, dislalias... Hai que sinalar tamén que neste curso recupérase o funcionamento da **Aula Específica** que atenderá a 7 alumnos con NEAE.

En canto ao total do profesorado do centro neste curso 2021-22, é de 50 profesores, distribuídos da seguinte maneira:

ETAPA	PROFESORADO
<b>INFANTIL</b>	Titores: 6
	Profesorado de Apoio: 2
	<b>TOTAL: 8</b>
<b>PRIMARIA</b>	Titores: 12
	Especialistas: 6
	PT, AL: 4
	<b>TOTAL: 22</b>
<b>SECUNDARIA</b>	Profesores: 18
	PT, Orientadora: 2
	<b>TOTAL: 20</b>
<b>TOTAL PROFESORADO</b>	<b>50</b>

O centro conta tamén con dúas coidadoras.

## O Departamento de Artes Plásticas

O Departamento Didáctico de Artes Plásticas do CPI *Castro Baxoi* de Miño está composto polo profesor numerario de ensinanza secundaria **Antón Prego Fernández**, con destino definitivo neste centro, e no que recae a Xefatura do Departamento.

Por necesidades de organización do centro para a súa adaptación ao protocolo COVID-19, o despacho deste Departamento trasladouse o pasado curso provisionalmente a un pequeno cuarto da planta 0 do edificio de Secundaria que sería compartido co Departamento de Tecnoloxía. No presente curso ambos departamentos son novamente trasladados, desta vez a un local máis amplo, pero carente de máis ventilación que a que entra pola única porta de que dispón.

## Materias impartidas polo Departamento

As materias impartidas por este Departamento son as seguintes:

- Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 1º de ESO
- Paisaxe e Sustentabilidade de 2º de ESO
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 3º de ESO
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 4º de ESO

A materia de **Paisaxe e Sustentabilidade**, materia de libre configuración autonómica, impártese este ano por segunda vez e o currículo de referencia será que determina a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de libre elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. O profesor completa o seu horario con apoios na aula a outros profesores.

Estas materias distribúense por grupos entre os distintos niveis co seguinte número de alumnos:

CURSO	MATERIA	HORAS	ALUMNOS	REPITEN	NEE	Ref/Ex Fr	Alerta escolar
1º eso A	EPVA	2	20	2	7 (2 TDHA,3 ACI,1AE,1AC)	6	
1º eso B	EPVA	2	20	5	7 (2TDAH,2ACI,1AE,1T EA,1Abs)	7	
1º eso C	EPVA	2	20	1	5 (1-2 TDHA,3ACI,1Abs)	6	
2º eso A/B	PeS	1	13	0	0		
3º eso A-1	EPVA	2	15	0	0	1	
3º eso A-2	EPVA	2	15	0	1SD	3	
4º eso A	EPVA	3	8	0	1 Def. Vis. 1 Hipoac.	1	
Pendientes 1º	EPVA	-	4	0	4		
Pendientes 3º	EPVA	-	0	0	0		
<b>TOTAL</b>		<b>14</b>	<b>99</b>	<b>14</b>			

## A Aula de Plástica

Por necesidades de organización do centro para a súa adaptación ao Protocolo COVID-19 no pasado curso, a **Aula de Plástica** deixou temporalmente de ser a aula-taller que foi durante 21 e pasou a ser unha aula convencional xeneralista dun curso de ESO. Para iso foi preciso o desmantelamento da mesma nos días 11, 14, 15 e 16 de setembro de 2020 e o seu mobiliario, ferramentas, materiais e documentos distribuídos por diferentes estancias e locais do centro. As clases das materias propias do Departamento de Artes Plásticas impartíranse, xa que logo, nas aulas correspondentes a cada curso e nas condicións impostas polo Protocolo COVID co conseguinte detrimento da calidade da ensinanza. É un obxectivo prioritario para este Departamento a recuperación deste local, de gran importancia para a formación e a socialización do alumnado do CPI Castro Baxoi.

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave EPVA 1º ESO	
Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe
CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</li> <li>▪ EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.</li> <li>▪ EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</li> <li>▪ EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.</li> <li>▪ EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.</li> <li>▪ EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.</li> <li>▪ EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.</li> <li>▪ EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.</li> <li>▪ EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.</li> <li>▪ EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.</li> <li>▪ EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.</li> <li>▪ EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.</li> <li>▪ EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</li> <li>▪ EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.</li> <li>▪ EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.</li> <li>▪ EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.</li> <li>▪ EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.</li> <li>▪ EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.</li> </ul>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.</li> <li>▪ EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</li> <li>▪ EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.</li> <li>▪ EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.</li> <li>▪ EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</li> <li>▪ EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</li> <li>▪ EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</li> <li>▪ EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> <li>▪ EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.</li> </ul>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.</li> <li>▪ EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.</li> <li>▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</li> <li>▪ EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.</li> <li>▪ EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.</li> <li>▪ EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.</li> <li>▪ EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construindo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.</li> </ul>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas</li> <li>▪ EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</li> <li>▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.</li> <li>▪ EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.</li> <li>▪ EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</li> <li>▪ EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.</li> <li>▪ EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.</li> <li>▪ EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.</li> <li>▪ EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.</li> <li>▪ EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> </ul>

### Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave EPVA 3º ESO

Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe
CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.4.1. Distingue significativo e significado nun signo visual.</li> <li>▪ EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.</li> <li>▪ EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.</li> <li>▪ EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.</li> <li>▪ EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.</li> <li>▪ EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.</li> <li>▪ EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.</li> <li>▪ EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.</li> <li>▪ EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.</li> <li>▪ EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.</li> <li>▪ EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.</li> <li>▪ EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.</li> <li>▪ EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.</li> <li>▪ EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</li> </ul>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.</li> <li>▪ EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</li> <li>▪ EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.</li> <li>▪ EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> <li>▪ EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</li> <li>▪ EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</li> <li>▪ EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> <li>▪ EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.</li> <li>▪ EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.</li> </ul>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.</li> <li>▪ EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.</li> <li>▪ EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas. EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.</li> <li>▪ EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</li> <li>▪ EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.</li> </ul>

CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.</li> <li>▪ EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</li> <li>▪ EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</li> <li>▪ EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.</li> <li>▪ EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.</li> <li>▪ EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.</li> <li>▪ EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.</li> </ul>
------	--

### Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave EPVA 4º ESO

Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe
CCL	
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.</li> <li>▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.</li> <li>▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</li> <li>▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.</li> <li>▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.</li> <li>▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.</li> <li>▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</li> <li>▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</li> <li>▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> <li>▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.</li> <li>▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</li> <li>▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.</li> <li>▪ EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.</li> <li>▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.</li> <li>▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.</li> <li>▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.</li> <li>▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</li> <li>▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.</li> </ul>

CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> <li>▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.</li> <li>▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.</li> <li>▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</li> <li>▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.</li> <li>▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.</li> <li>▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.</li> <li>▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</li> <li>▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</li> <li>▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</li> <li>▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</li> </ul>
CSC	
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</li> <li>▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> <li>▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.</li> <li>▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</li> <li>▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</li> <li>▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</li> <li>▪ EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.</li> <li>▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.</li> <li>▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</li> <li>▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.</li> <li>▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.</li> <li>▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.</li> <li>▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</li> <li>▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.</li> <li>▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.</li> <li>▪ EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.</li> <li>▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.</li> <li>▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.</li> <li>▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.</li> <li>▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.</li> </ul>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.</li> <li>▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.</li> <li>▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.</li> <li>▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.</li> <li>▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</li> <li>▪ EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> <li>▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.</li> <li>▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</li> <li>▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaa no período ao que pertencen.</li> <li>▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</li> <li>▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.</li> <li>▪ EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.</li> <li>▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.</li> <li>▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</li> <li>▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.</li> <li>▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.</li> <li>▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.</li> <li>▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.</li> <li>▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.</li> <li>▪ EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.</li> <li>▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.</li> <li>▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.</li> <li>▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.</li> <li>▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.</li> <li>▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.</li> </ul>

## Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave PeS 2º ESO

Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe
CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.1.2. Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético.</li> <li>▪ PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.</li> <li>▪ PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterízaa e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.</li> <li>▪ PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento e as condicións impostas polo medio.</li> <li>▪ PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.</li> <li>▪ PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.</li> <li>▪ PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeiformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.</li> <li>▪ PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.</li> <li>▪ PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterízalas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.</li> <li>▪ PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.</li> <li>▪ PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.</li> <li>▪ PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.</li> <li>▪ PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións.</li> <li>▪ PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento e as condicións impostas polo medio.</li> <li>▪ PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.</li> <li>▪ PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.</li> <li>▪ PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.</li> <li>▪ PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.</li> <li>▪ PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.</li> <li>▪ PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeiformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.</li> <li>▪ PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.</li> <li>▪ PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</li> <li>▪ PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.</li> <li>▪ PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.</li> <li>▪ PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.</li> <li>▪ PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.</li> </ul>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.1.1. Elabora bosquejos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.</li> <li>▪ PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espacio-temporais nas paisaxes do seu contorno.</li> <li>▪ PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</li> <li>▪ PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos. PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.</li> <li>▪ PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.</li> <li>▪ PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.</li> <li>▪ PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.</li> <li>▪ PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer.</li> <li>▪ PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.</li> <li>▪ PSB4.2.2. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.</li> <li>▪ PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeiformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.</li> <li>▪ PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.</li> <li>▪ PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento e as condicións impostas polo medio.</li> <li>▪ PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</li> <li>▪ PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de</li> </ul>

	<p>información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.</li> <li>▪ PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.</li> <li>▪ PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.</li> <li>▪ PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.</li> <li>▪ PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.</li> <li>▪ PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.</li> <li>▪ PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer.</li> <li>▪ PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.</li> <li>▪ PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.</li> </ul>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PSB1.1.1. Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno.</li> </ul>

### 3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

Para indicar a relación entre os obxectivos xerais de etapa e o resto de elementos curriculares utilizaremos a relación de obxectivos referidos no Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo en ESO e respectaremos, para recoñecelos o código alfabético empregado nesa mesma norma. O Decreto establece, no seu Artigo 10, cales van ser os obxectivos con que a educación secundaria obrigatoria que debe contribuír a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e



á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:**

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave por estándar.

**Temporalización EPVA 1º ESO**

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Ude 1. <b>Artes plásticas. Técnicas e materiais</b>	Ude 3. <b>As formas poligonais</b>	Ude 6. <b>Elementos configuradores da imaxe</b>
Ude 2. <b>Debuxo Xeométrico</b>	Ude 4. <b>Imaxe e comunicación</b>	Ude 7. <b>A cor e a textura</b>
	Ude 5. <b>O cómic: medio de expresión</b>	

**Temporalización EPVA 3º ESO**

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Ude 1. <b>Debuxo xeométrico normalizado</b>	Ude 3. <b>Transformacións xeométricas. Redes modulares</b>	Ude 5. <b>Expresión Plástica</b>
Ude 2. <b>Tanxencias e enlaces</b>	Ude 4. <b>Sistemas de Representación</b>	Ude 6. <b>Comunicación audiovisual</b>

**Temporalización EPVA 4º ESO**

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Ude 1. <b>Sistemas de representación</b>	Ude 4. <b>A figura humana</b>	Ude 7. <b>A fotografía e a imaxe dixital</b>
Ude 2. <b>Debuxo técnico industrial</b>	Ude 5. <b>As formas na natureza</b>	Ude 8. <b>O cine e os medios de comunicación</b>
Ude 3. <b>A estrutura da imaxe</b>	Ude 6. <b>A paisaxe urbana</b>	Ude 9. <b>Fundamentos do deseño. Deseño gráfico e publicitario</b>

<b>Temporalización PS 2º ESO</b>		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Ude 1. <b>As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías</b>	Ude 2. <b>A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución</b>	Ude 4. <b>Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía</b>
	Ude 3. <b>O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles</b>	

### Grao mínimo de consecución para superar as materias

<b>GRAO DE DESEMPEÑO</b>					
Instrumento de avaliación	Non adquirido (Insuficiente)	En vías de adquisición (Suficiente)	Adquirido (Ben)	Avanzado (Notable)	Excelente (Sobresaliente)
Proba de avaliación inicial (AI)	0-45%	45-55%	55-65%	65-85%	85-100%
Proba de avaliación extraordinaria (AE)	0-45%	45-55%	55-65%	65-85%	85-100%
Actividade práctica individual ou colectiva (L)	0-45%	45-55%	55-65%	65-85%	85-100%
Cuestionario de avaliación (C)	0-45%	45-55%	55-65%	65-85%	85-100%
Caderno individual de clase (D)	0-45%	45-55%	55-65%	65-85%	85-100%
Fichas de lectura (F)	0-45%	45-55%	55-65%	65-85%	85-100%
Observación sistemática	± 0,5 puntos por cada positivo ou negativo antes do cálculo da media				
Os <b>instrumentos entregados fora da data</b> prefixada sen causa xustificada serán cualificados como <i>Apto</i> (equivalente a 4,5 pts.) ou <i>Non Apto</i> (equivalente a 3 pts), establecéndose unha data tope de entrega por trimestre e a final de curso despois da cal non serán recollidos.					
<b>Para superar a materia de EPVA</b> será preciso que os alumnos e alumnas <b>teñan superada a materia de EPVA do curso precedente</b> e entregadas e cualificadas cunha cualificación mínima de 4,5 (Suficiente -) <b>todas e cada unha das actividades</b> que se propoñan, tanto teóricas como prácticas.					
<b>A cualificación de Sobresaínte 10</b> precisará superar o 95% dos acertos.					
Os <b>instrumentos entregados sen a debida identificación do alumno/a</b> (nome+1º apelido+2º apelido) non serán cualificados nin considerada a súa entrega.					
Os <b>instrumentos non entregados nos prazos últimos de entrega</b> sen causa xustificada serán penalizados restando 2 puntos antes do cálculo da media.					

## Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación			
INSTRUMENTO	DESCRIPCIÓN	PROCEDEMENTO	MOMENTO
<b>Proba de avaliación inicial (AI)</b>	Proba de carácter diagnóstico con dez preguntas de tipo teórico e práctico (respostas escritas e debuxadas) deseñada a partir de estándares do nivel/etapa precedente para detectar alumnos con NEE. Será reforzada por medio da observación individualizada de cada alumno/a.	Valoración do número de acertos/fallos.	Nas primeiras semanas do curso
<b>Actividades prácticas individuais (L)</b>	Realización de produtos avaliábeis deseñados para a aplicación práctica do aprendido. Serán entregados en láminas normalizada dentro dun prazo razoable que permita a súa realización nas horas de clase.	Análise das producións dos alumnos/as e corrección/valoración do nivel de logro dos estándares e das competencias correspondentes.	Inmediatamente despois de rematada a explicación dos contidos e dos criterios de avaliación correspondentes e tras facer os debuxos previos no caderno.
<b>Caderno individual de clase (D)</b>	Caderno cos borradores de debuxos, ensaios, bosquejos e notas tomadas na clase.	Revisión periódica do traballado no tema e valoración e análise das producións dos alumnos.	Unha vez rematado cada tema coas correspondentes explicacións e actividades prácticas.
<b>Cuestionarios de avaliación (C)</b>	Batería de preguntas de teoría dun tema máis unha lectura de imaxe de aplicación do aprendido. Presentarase no caderno, pero terá cualificación independente.	Análise das producións dos alumnos/as e corrección/valoración do nivel de logro dos estándares e das competencias correspondentes así como a capacidade de aplicación do aprendido.	Unha vez rematado cada tema coas correspondentes explicacións e actividades prácticas.
<b>Traballo cooperativo (TC)</b>	Realización dun produto avaliábel deseñado para a aplicación práctica do aprendido en cooperación de grupo reducido (3 ou 4 alumnos/as). Presentación en formato dixital e exposición oral.	Análise das producións dos alumnos/as e corrección/valoración do nivel de logro dos estándares e das competencias correspondentes.	No segundo trimestre.
<b>Ficha de lectura (F)</b>	Cuestionario en forma de ficha que conteña os datos editoriais, argumento, descrições de estilo e valoración persoal razoada de cada libro de lectura do Itinerario Lector. Presentarase no caderno, pero terá cualificación independente.	Valoración dos acertos nas respostas e da expresión escrita.	Unha vez por trimestre.
<b>Observación sistemática</b>	O profesor fará seguimento continuado de cada alumno rexistrando toda as incidencias, progresos, faltas de asistencia, iniciativas individuais, etc	Observación sistemática e rexistro diario.	Ao longo de todo o curso.
<b>Proba de avaliación extraordinaria</b>	Proba con cinco preguntas de teoría e dous ou catro debuxos prácticos deseñada a partir do 100% dos estándares da materia	Corrección/valoración do nivel de logro dos estándares e das competencias correspondentes.	Mes de xuño. Mes de maio ao alumnado coa materia pendente.
Cando exista <b>sospeita de que algún traballo non foi realizado polo alumno</b> , queda a criterio do profesor o emprego complementario <b>doutros instrumentos de avaliación</b> como controis, exames ou probas de carácter práctico, escrito ou mesmo oral co fin de precisar o grao de consecución dos estándares dun curso, dun grupo ou dun alumno individual.			

## Competencias clave por estándar

As Competencias Clave por estándar están especificadas no punto 2.- *Contribución ao desenvolvemento da Competencias Clave* desta mesma Programación Didáctica.

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O emprego dunha metodoloxía didáctica e de recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua. As liñas metodolóxicas xerais que se deberán seguir son:

- Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Fomentar a confrontación clara, respectuosa dela
- Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Polo que respecta aos recursos metodolóxicos, a Educación Plástica Visual e Audiovisual contemplará os mesmos *principios* de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integradora entre todas as materias dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo, á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno o desenvolvemento de competencias básicas.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno no mesmo a través da auto-avaliación e a co-avaliación.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

A configuración de imaxes ou formas, e en xeral as actividades procedementais, non son en si mesmas o obxectivo básico da materia, senón unha das vías de acceso á comprensión e goce da realidade visual. *O cultivo de destrezas ten sentido para conseguir representacións e para interiorizar conceptos.*

Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerese a expresión individual, estimularanse a iniciativa e a espontaneidade. Esta é un ensino activo con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións no canto de expresar a resposta do profesor.

A concreción dos principios plasmarase na procura sistemática da construción de procedementos do seguinte tipo:

- Análise e clasificación de linguaxes visuais na contorna.

- Identificación e comparación de texturas visuais e táctiles.
- Descricións, comparacións e representacións de formas.
- Diferenciacións e representacións de matices.
- Recoñecemento e utilización de distintos soportes e técnicas.

En relación aos recursos ambientais e materiais teremos en conta que no noso contexto cultural gran número dos estímulos que recibimos son de natureza táctil ou visual. Esta información provén de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que provén da actividade e creación humana, onde están incluídos o deseño e as artes en xeral.

O ensino e aprendizaxe da materia vese facilitada polo desenvolvemento intelectual que progresa do pensamento concreto ao pensamento formal. A didáctica desta materia ha de partir da apreciación en grao sumo próximo para chegar todo o máis afastado. Trátase, ante todo, de que o alumno asimile as contornas visual e plástica en que vive. Nesta interacción coa contorna, teñen un papel importante as manifestacións da arte popular e do patrimonio histórico-artístico da localidade e de Galicia que poden atoparse non importa en que lugar e que conteñen valores estéticos, cuxos análises e aprecio contribúen a educar a sensibilidade artística. Ao tempo, débese axudar, estimular e intercambiar ideas nas aulas para lograr unha crecente sensibilidade cara ao feito artístico, tendo como referencia a obra dos grandes artistas.

A realidade cotiá, tanto natural como de imaxes e feitos plásticos, na que viven inmersos os alumnos, e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos diversos medios (cine, televisión, Internet, etc.), deberá ser sempre o punto de partida.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### Por parte do alumno

O material básico de traballo será o seguinte: un lapis ou portaminas HB, sacapuntas, goma de borrar, xogo de escuadra e cartabón, regra de 20 ou 30 cm., compás e adaptador, xogo de rotuladores calibrados con puntas de 0'8, 0'4 e 0'2 mm., láminas con marxe normalizado formato DIN A4 e caderno de grampas para apuntes. En determinados traballos serán necesarios outros materiais como pinceis, rotuladores, cartolinas, etc. que serán especificados no seu momento. Ademais os alumnos traerán unha carpeta arquivadora, sen gomitas nin lapelas, para o arquivo na Aula dos traballos producidos ao longo do curso e a súa custodia como instrumentos de avaliación.

### Por parte do medio

Todo o material gráfico e de imaxe, tanto dixital como analóxica, ó alcance do alumno, así como todo tipo de obxectos de fabricación industrial, artesanal ou de orixe natural susceptibles de seren modificados, comentados ou exemplificados no estudio de determinados temas.

### Por parte do Centro

Este Centro conta cunha **aula de Educación Plástica Visual e Audiovisual** con instalación de auga, mesas amplas de traballo e de debuxo para os alumnos, un tórculo, unha ampliadora fotográfica, unha equipa informático con conexión a Internet, impresora, proxector e pantalla mural, corpos xeométricos, calibres, modelos de escaiola e algún material para traballos en cor como ceras, acuarelas, lapis e rotuladores. Este curso **tampouco poderemos empregar este espazo nin tampouco a maior parte do material didáctico que temos nel** debido ao seu actual uso como aula ordinaria.

Utilizaremos frecuentemente e con normalidade a **Aula Virtual** da web do Castro Baxoi como medio de transmisión de información e coñecemento. Ademais pode considerarse material de apoio o bibliográfico existente na **Biblioteca** do Centro así como os mini-ordenadores individuais das aulas de curso que os teñan.



AULA VIRTUAL/LIBROS DE TEXTO DIXITAIS DE AAPP			
Curso	Título	Autoría	Ubicación
<b>EPVA 1º ESO</b>	Educación plástica, visual y audiovisual 1º ESO	Dpto. de AAPP CPI Castro Baxoi	Aula Virtual do CPI Castro Baxoi: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual2/course/view.php?id=46">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual2/course/view.php?id=46</a>
<b>EPVA 3º ESO</b>	Educación plástica, visual e audiovisual 3º ESO	Dpto. de AAPP CPI Castro Baxoi	Aula Virtual do CPI Castro Baxoi: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=47">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=47</a>
<b>EPVA 4º ESO</b>	Educación plástica, visual e audiovisual 4º ESO	Dpto. de AAPP CPI Castro Baxoi	Aula Virtual do CPI Castro Baxoi: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=54">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=54</a>
<b>EPVA PDTS</b>	Educación plástica, visual e audiovisual. Pendentes	Dpto. de AAPP CPI Castro Baxoi	Aula Virtual do CPI Castro Baxoi: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=58">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=58</a>
<b>PS 2º ESO</b>	Paisaxe e sustentabilidade 2º ESO	Dpto. de AAPP CPI Castro Baxoi	Aula Virtual do CPI Castro Baxoi: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=389">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual/course/view.php?id=389</a>

## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Criterios de cualificación							
INSTRUMENTO	CRITERIO	CUALIFICACIÓN		INSTRUMENTO	CRITERIO	CUALIFICACIÓN	
<b>Actividades prácticas individuais</b>	Correcta realización dos exercicios propostos respectando os datos	70%	100%	<b>Cuestionarios de avaliación</b>	Acerto nas respostas ás preguntas e nos exemplos escollidos	70%	100%
	Imaxinación e creatividade	20%			Claridade na exposición dos conceptos		
	Habilidade, destreza manual				10%	Presentación, orde e limpeza	
	Presentación, orde e limpeza	10%			Lectura de imaxe (destreza dixital+acerto na escolla+comentario)	20%	
<b>Traballo cooperativo</b>	Claridade na exposición dos conceptos	60%	100%	<b>Caderno individual de clase</b>	Correcta realización de todos os trazados	70%	100%
	Destreza dixital	10%			Claridade na exposición dos conceptos		
	Calidade estética do produto final	10%			Calidade de bosquejos e croquis.	20%	
	Orixinalidade na presentación	10%			Presentación, orde e limpeza	10%	
	Participación persoal no grupo	10%		<b>Proba extraordinaria de maio (alumnos pendentes)</b>	5 preguntas de teoría da materia toda do curso	50%	
Acerto nos datos bibliográficos	10%	4 debuxos relacionados coa materia do curso	40%				
Claridade na exposición do argumento	40%	<b>Observación sistemática</b>	Presentación, orde e limpeza	10%			
Razoamento da opinión persoal	40%		Anticipación en entrega dun traballo	+0,5			
Presentación, orde e limpeza	10%		Traballo voluntario e iniciativas persoais	+0,5			
<b>Proba de avaliación inicial</b>	10 preguntas de teoría e práctica relacionadas coa materia do curso precedente		100%	Progreso en habilidades e destrezas	+0,5		
		Participación con achega persoal		+0,5			
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	5 preguntas de teoría da materia toda do curso	50%	100%	Material de traballo sen traer	-0,5		
	4 debuxos relacionados coa materia do curso	40%		Maltrato material propio, alleo ou colectivo	-0,5		
	Presentación, orde e limpeza	10%		Perda flagrante do tempo de traballo na clase	-0,5		
				Tarefas da casa sen facer	-0,5		

Os instrumentos entregados fora da data prefixada sen causa xustificada serán cualificados como *Apto* (equivalente a 4,5 pts.) ou *Non Apto* (equivalente a 3 pts), establecéndose unha data tope de entrega por trimestre e a final de curso despois da cal non serán recollidos.

Os instrumentos entregados sen a debida identificación do alumno/a (nome+1º apelido+2º apelido) non serán cualificados nin considerada a súa entrega.

Os instrumentos non entregados nos prazos últimos de entrega sen causa xustificada serán penalizados restando 2 puntos antes do cálculo da media.

**Peso dos instrumentos de avaliación na cualificación**

INSTRUMENTO	PESO	CUALIFICACIÓN		
		Peso Av. parciais	Av. Ordinaria	
Actividades prácticas individuais	100%	100%	1º Av. 33%	100%
Traballo cooperativo			2ª Av. 33%	
Cuestionarios de avaliación				
Caderno individual de clase				
Ficha de lectura				
Observación sistemática	± 0,5 por cada positivo ou negativo antes do cálculo da media	3ª Av. 33%		
Os <b>instrumentos entregados fora da data</b> prefixada sen causa xustificada serán cualificados como <i>Apto</i> (equivalente a 4,5 ptos.) ou <i>Non Apto</i> (equivalente a 3 ptos), establecéndose unha data tope de entrega por trimestre e a final de curso despois da cal non serán recollidos.				
Os <b>instrumentos entregados sen a debida identificación do alumno/a</b> (nome+1º apelido+2º apelido) non serán cualificados nin considerada a súa entrega.				
Os <b>instrumentos non entregados nos prazos últimos de entrega</b> sen causa xustificada serán penalizados restando 2 puntos antes do cálculo da media.				
No cálculo da nota media, parcial ou final, <b>aplicarase redondeo á alza cando se superen 0,5 puntos.</b>				
<b>Para recuperar un instrumento suspenso</b> será preciso repetilo e entregalo nunha data fixada a tal efecto.				
	PESO		Av. Inicial	Av. Extraordinaria
Proba de avaliación inicial	100%		100%	
Probas extraordinarias	100%			100%

Equivalencias numéricas			
<i>Insuficiente -</i>	2	<i>Ben +</i>	7
<i>Insuficiente ,Non Apto</i>	3	<i>Notable -</i>	7'5
<i>Suficiente -, Apto</i>	4'5	<i>Notable</i>	8
<i>Suficiente</i>	5	<i>Notable +</i>	8'5
<i>Suficiente +</i>	5'5	<i>Sobresáinte -</i>	9
<i>Ben -</i>	6	<i>Sobresáinte</i>	10
<i>Ben</i>	6'5		

## Crterios sobre a promoción do alumnado

O Decreto 86/2015, no seu artigo 23, fala da promoción dos alumnos na ESO:

*1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.*

*A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.*

*2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.*

*De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:*

*a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.*

*b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.*

*c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.*

*Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.*

*Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques.*

*No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.*

*As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideráranse como materias distintas.*

Así pois a capacidade decisoria dos profesores que imparten as materias adscritas a este departamento é moi limitada no que respecta á promoción de alumnos a cursos superiores con algunha materia pendente, xa que aquelas non son do grupo das determinantes para repetición. Non obstante, pode darse a circunstancia excepcional de que xurda a posibilidade de promocionar ou non a un alumno ou alumna con tres materias suspensas (punto 2, a e b), sendo unha delas EPVA. Nesta circunstancia, **o voto do profesor na xunta de avaliación que decida a promoción do alumno será sempre favorable á promoción agás no caso de que o alumno ou alumna suspendera a materia por incorrer en abandono intencionado da mesma.**

## **Criterios para a avaliación das competencias clave**

A CCP do Castro Baxoi ten acordado un sistema para a avaliación das competencias clave baseado na ponderación das mesmas para cada materia en función do peso que teñan nestas relacionándoas, en cada caso, cos estándares de aprendizaxe correspondentes. Así, introducindo a cualificación final de cada materia nunha folla de cálculo, obteremos a cualificación proporcional de cada competencia clave.

## 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

**Indicadores de logro do proceso de ensino**

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

### A recuperación das actividades prácticas e/ou teóricas suspensas

Os instrumentos de avaliación cualificados con *Insuficiente*, terán que ser repetidos e entregados antes dunha data establecida a tal efecto e que será resinada no caxetín de datos correspondente, os entregados pasada esta data serán cualificados como *Apto* ou *Non Apto*. Os instrumentos cualificados como *Non Apto* ou non entregados no seu prazo último para a avaliación deberán tamén ser repetidos e entregados nun prazo determinado e serán cualificados como *Apto* ou *Non Apto*.

En caso de que un alumno, nun instrumento de avaliación en concreto, obtivese unha cualificación negativa e esta se fose reiterando en actividades de recuperación sucesivas debido a dificultades patentes de tipo procedemental e non a actitudes negativas, prescribírase a realización de traballos prácticos complementarios de reforzo ou realizaranse as oportunas adaptacións do currículo atendendo ós contidos mínimos, indicándoo con RE nas actas e boletíns correspondentes.

Poderanse realizar, ademais, probas prácticas, orais ou escritas de coñecementos con carácter complementario naqueles casos de continuidade na avaliación negativa e tamén en casos de flagrante falsificación dalgún instrumento de avaliación.

### A recuperación dunha avaliación parcial suspensas

Unha avaliación parcial poderá estar suspensa cando teña algunha cualificación de traballo instrumento de avaliación non entregado ou cualificado con *Insuficiente*, *Insuficiente-* ou *Non Apto*. Para recuperar esta avaliación parcial terá que repetir os traballos suspensos, entregar os pendentes de entrega.

### Convocatoria extraordinaria de xuño

En caso de cualificación final ordinaria negativa a lei estipula unha convocatoria extraordinaria no mes de xuño. Nela farase unha proba teórico-práctica na que se avaliará tomando como referencia os criterios de avaliación da área e nivel completo que corresponda.

### Seguimento, recuperación e avaliación de pendentes

- No mes de outubro, e conforme o calendario establecido pola xefatura de estudos, os departamentos elaboraran un caderno/guía co material, actividades e indicacións que permita o seguimento e recuperación das materias pendentes. Este caderno será entregado ao alumnado xunto co calendario elaborado pola xefatura de estudos que recolla as datas de entrega de caderno e de probas de avaliación.
- **As materias serán divididas en tres partes** correspondentes respectivamente ao 33% dos contidos pendentes. Haberá un caderno/guía para cada parte que será entregado polo alumno ao xefe do departamento á volta das vacacións de Nadal e Semana Santa, conforme o calendario establecido por xefatura de estudos.
- Se un alumno ten **unha avaliación positiva en cada unha das partes, terá recuperada a materia pendente**.
- Cando un alumno teña unha das partes ou as dúas cunha avaliación negativa, poderá recuperala na **convocatoria de pendentes de Maio** coa superación da proba teórico-práctica de toda a materia do curso.
- O alumno que non recupere a materia pendente na convocatoria de Maio, deberá presentarse á **convocatoria extraordinaria de Xuño** con toda a materia.



## 10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

### Avaliación inicial

- a. Temporalización. Terá lugar nos primeiros días de clase e as probas deberán rematarse no mes de setembro. A xefatura de estudos realizará un calendario que recolla datas de probas, sesións de preavaliación e reunións de información ás familias (reunións de inicio de curso que serán a posteriori das reunións de preavaliación).
- b. A avaliación inicial farase, conforme á normativa, en todos os cursos da ESO, e con especial atención nos cursos de 1º por ser o inicio da etapa e descoñecer o profesorado ao alumnado.
- c. Haberá dous tipos de probas para a avaliación inicial:
  - **Proba de avaliación inicial de competencias.** Farase unha proba de competencias por nivel, elaborada por equipos interdisciplinares e que avalíe as diferentes competencias (non contidos). O propio formato da proba contemplará unha parte para avaliar a competencia dixital. Proponse unha duración de 2 horas como tempo máximo. Cada proba será avaliada por cada equipo según acordo do mesmo. *(Estas probas foron elaboradas polos grupos de traballo a finais do curso pasado. Deben estar entregadas á xefa de estudos antes do inicio de curso).*
  - **Proba de avaliación inicial de contidos.** Será elaborada por cada departamento para a materia de cada curso e tomando como referencia os criterios de avaliación do nivel inmediatamente anterior. A súa aplicación será no horario de clase da materia correspondente, dentro do calendario establecido pola xefatura de estudos. Será avaliado polo profesor e/ou departamento correspondente.
- d. **Sesións de preavaliación.** Nas primeiras semanas de outubro levarase a cabo as sesións de preavaliación, onde se avaliará o nivel de competencia a nivel grupal e individual. Será coordinada polos titores coa participación do profesorado de cada grupo, xefatura de estudos e departamento de orientación, a partir dun guión establecido previamente que recollerá:
  - Información das características do grupo. Resultados das probas a nivel grupal.
  - Información relevante do alumnado a nivel individual e resultados individuais do mesmo nas probas de avaliación inicial. A información previa poderá obterse a través do XADE, informes do titor anterior, observación na aula, expedientes, información de orientación...
  - Medidas a adoptar na reunión:
    - Para o grupo e que poden ser traballadas na titoría (normas, cambios na ubicación, medidas excepcionais como cambio de grupo...)
    - Reforzo educativo ordinario por parte do profesorado de cada materia.
    - Posible nova proposta de exención de Francés.
    - Proposta de alumnado para elaboración de ACIs.
    - Proposta de organización para o alumnado que recibirá apoio por parte da profesora de PT, tanto dentro da aula como fóra dela.
    - Proposta de posible alumnado para avaliación psicopedagóxica polo departamento de orientación.
    - Establecer el nivel competencial de cada grupo e introducir os axustes precisos nas programacións dos departamentos para adaptarse a el.
    - Obter, por parte dos titores, información precisa para as reunións de inicio de curso coas familias.
- e. **De cada reunión levantarase acta. Os resultados da avaliación inicial** de cada alumno deberán quedar reflexados na aplicación XADE por parte dos titores. Estes resultados serán a referencia inicial para a consecución das competencias que debe ser avaliada ao remate do curso.
- f. **A partir desta información levaranse a cabo as reunións de inicio de curso coas familias a mediados de outubro.**

## 11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares ou metodolóxicas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

As medidas de atención á diversidade concrétnanse en dúas fases:

En primeiro lugar realizarase unha avaliación inicial de carácter diagnóstico co fin de detectar as necesidades máis urxentes e así poder deseñar propostas de adaptación do currículo en colaboración co Departamento de Orientación e o resto da equipa docente.

En segundo lugar, a avaliación continuada e individualizada dos diferentes aspectos que integran o currículo, irá encamiñada á detección de dificultades de tipo máis concreto que permitan establecer estratexias encamiñadas ao logro dos obxectivos da área. Estas estratexias poderán ser de distinto tipo en función das necesidades e estarán condicionadas a unha actitude positiva e un claro interese por parte do alumno ou alumna en cuestión por superar co seu esforzo persoal as materias da área. Concretaranse en agrupamento de alumnos, adaptacións significativas do currículo, reforzos educativos ou actividades de ampliación.

### Agrupamento de alumnos

En función das necesidades que plantexan a resposta á diversidade dos alumnos e a heteroxeneidade das actividades de ensinanza-aprendizaxe, poderanse artella-las seguintes variantes de agrupamento dos alumnos:

MODALIDADE DE AGRUPAMIENTO	NECESIDADES QUE CUBRE
<i>Pequeno grupo (apoio).</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Reforzo para alumnos con ritmo máis lento.</li> <li>– Ampliación para alumnos con ritmo máis rápido.</li> </ul>
<i>Agrupamento flexible.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>--Resposta puntual a diferencias en:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Nivel de coñecementos.</li> <li>– Ritmo de aprendizaxe.</li> <li>– Intereses e motivacións.</li> </ul> </li> </ul>

## Adaptacións significativas do currículo

Aqueles alumnos que teñan grandes dificultades de aprendizaxe por algún motivo debidamente diagnosticado que lle imposibiliten seguir o ritmo normal de aprendizaxe de nenos da súa idade farémolles as oportunas **adaptacións do currículo (ACI)** ao nivel que corresponda e sempre en coordinación co Departamento de Orientación e someténdolas á prescriptiva aprobación do servizo de Inspección Educativa. Estas adaptacións significativas do currículo faranse constar en actas e boletíns en tempo e forma segundo indica a normativa vixente.

## Reforzos educativos

Hai alumnos que teñen necesidades educativas puntualmente especiais: un ritmo de traballo moi diferente aos compañeiros, unha especial dificultade no traballo manual ou intelectual que non sexa consecuencia dalgún trastorno físico psíquico coñecido. Estes alumnos, sempre e cando a súa actitude cara ao traballo e a aprendizaxe sexa positiva (traian os materiais de traballo acotío, non teñan condutas disruptivas) poderán desfrutar dunha medida metodolóxica para que acaden os niveis mínimos de aprendizaxe e serán indicados en actas e boletín mediante as siglas **RE (Reforzo Educativo)**. Estas medidas de atención á diversidade poden consistir en ampliacións de prazos de realización de traballos, redución do grao de dificultade dalgunha actividade ou redución do grao de limpeza e precisión se se pode percibir unha evolución positiva coa aplicación das mesmas.

## Actividades de ampliacións

As necesidades educativas especiais que pode ter un alumno non necesariamente son de tipo retardativo. Pode haber algunha ocasión en que sexa todo o contrario: que o seu ritmo de aprendizaxe vaia por diante do resto de compañeiros. Nese caso proporanse actividades de ampliación das materias que se estean a impartir, mesmo dun nivel correspondente a cursos superiores.

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.</li> <li>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</li> <li>b) Espazos diferenciados.</li> <li>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.</li> <li>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</li> <li>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desdoblamento de grupos.</li> <li>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Programa específico para alumnado repetidor da materia</li> <li>• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.</li> </ul>
--	--

<b>Medidas extraordinarias</b>	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.</li> <li>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).</li> <li>• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).</li> <li>• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adaptacións curriculares na materia.</li> <li>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</li> <li>• Alumnado con flexibilización na escolarización.</li> <li>• Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc</li> </ul>

## 12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Esta Programación Didáctica mostra integrados os elementos transversais nos obxectivos, nas competencias específicas, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación. **A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica constitucional traballaranse en todas as unidades**, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgún dos bloques que conforman o currículo. Todos estes elementos son obxectos de ensino-aprendizaxe a cuxo impulso deberemos contribuír. Constitúen exemplos diso os seguintes:

- Tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a obras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.
- Actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.
- Análise de materiais impresos e audiovisuais integrando e relacionando os recursos verbais e plástico-visuais que empregan.
- Emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para ampliar coñecementos plástico-visuais e para expresar, de forma persoal e creativa, as súas vivencias e emocións.
- Goce do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.
- Utilización de recursos materiais variados, da contorna, convencionais e non convencionais.

Os contidos de carácter transversal son de capital importancia na práctica dunha educación de carácter integral que favoreza o desenvolvemento da personalidade dos/as alumnos/as nun clima de liberdade e tolerancia.

A Educación Plástica, Visual e Audiovisual ten como un dos seus principais fins contribuír á socialización dos alumnos no seu medio, esta área ten que facelos capaces de assimilar o entorno visual e plástico no que viven, cunha actitude reflexiva e crítica; é dicir, lograr un acceso máis profundo á realidade e unha capacidade de distanciamento crítico respecto dela.

A escollo de exemplos ilustrativos de cada unidade buscará en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

### **A igualdade de oportunidades de ambos sexos e a prevención da violencia de xénero**

Actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade e a utilidade na mesma de formas e contidos que denotan unha discriminación sexual, racial ou social.

### **A Educación Vial**

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

### **A Educación Moral e Cívica**

Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo, adoptando actitudes de flexibilidade, solidariedade, interese e tolerancia, superando inhibicións e prexuízos e rexeitando discriminacións debidas a características persoais ou sociais. ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

### **A Educación para a Paz**

Respectar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos modos dominantes no entorno, superando estereotipos e convencionalismos, e elaborar xuízos e criterios persoais que lle permitan actuar con iniciativa. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

### **A Educación do Emprendedor**

Observación e descrición dos modos expresivos utilizados nunha mensaxe publicitaria gráfica ou visual tendo en conta os significantes, a composición e o significado. Recoñecemento e valoración do papel que xogan os medios de comunicación na cultura actual. Actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas actualmente a través da publicidade. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

## 13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

**Actividades complementarias para 1º ESO e 2º ESO PeS****Excusión a a Coruña e/ou a Santiago:**

DURACIÓN	Un día
ACTIVIDADES	1) Visitas a monumentos arquitectónicos significativos e xacementos arqueolóxicos da contorna. 2) Visita a un Museo, Fundación ou Exposición.
OBXECTIVOS	- Apreciar diferentes estilos arquitectónicos e observar as características dos edificios segundo a súa funcionalidade. - Tomar conciencia do Patrimonio Histórico-Artístico. - Apreciar e valorar os elementos do Deseño Urbanístico. - Tomar contacto directo con manifestacións artísticas contemporáneas e aprender a valoralas contrastándoas con outras de carácter histórico.
OBSERVACIÓNS	Tratarase de coordinar esta actividade con outros departamentos para desenvolver o seu potencial interdisciplinario.
<b>Concursos</b>	
ACTIVIDADES:	Participación nos concursos de carteis, tarxetas de Nadal, etc. que vaia convocando o Centro ou outras institucións da vila de Miño ou da Comunidade Autónoma ó longo do curso. Participación no concurso anual organizado pola ONCE.
OBXECTIVOS:	-Valora-la importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión e de comunicación de mensaxes. -Tomar contacto cos elementos fundamentais do Deseño Gráfico. -Planificar, individual ou cooperativamente, as fases do proceso de creación e realización dun proxecto. -Tomar conciencia das limitacións que padecen os invidentes para desenvolverse na sociedade e contribuír activamente á súa integración.

**Actividades complementarias para 3º ESO****Excusión a a Coruña e/ou a Santiago:**

DURACIÓN	Un día
ACTIVIDADES	1) Visita ás instalacións dun xornal ou a unha exposición( <i>La Voz de Galicia</i> ou <i>El Ideal Gallego</i> , a concretar). 2) Visitas a monumentos arquitectónicos significativos. 3) Visita a un Museo, Fundación ou Exposición.

OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apreciar diferentes estilos arquitectónicos e observar as características dos edificios segundo a súa funcionalidade.</li> <li>- Tomar conciencia do Patrimonio Histórico-Artístico.</li> <li>- Apreciar e valorar os elementos do Deseño Urbanístico.</li> <li>- Tomar contacto directo con manifestacións artísticas contemporáneas e aprender a valoralas contrastándoas con outras de carácter histórico.</li> </ul>
OBSERVACIÓNS	Tratarase de coordinar esta actividade con outros departamentos para desenvolver o seu potencial interdisciplinario.
<b>Concursos</b>	
ACTIVIDADES:	Participación nos concursos de carteis, tarxetas de Nadal, etc. que vaia convocando o Centro ou outras institucións da vila de Miño ou da Comunidade Autónoma ó longo do curso. Participación no concurso anual organizado pola ONCE.
OBXECTIVOS:	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Valora-la importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión e de comunicación de mensaxes.</li> <li>-Tomar contacto cos elementos fundamentais do Deseño Gráfico.</li> <li>-Planificar, individual ou cooperativamente, as fases do proceso de creación e realización dun proxecto.</li> <li>-Tomar conciencia das limitacións que padecen os invidentes para desenvolverse na sociedade e contribuír activamente á súa integración.</li> </ul>

### Actividades complementarias para 4º ESO

#### Excusión a a Coruña e/ou a Santiago:

DURACIÓN	Un día
ACTIVIDADES	<ol style="list-style-type: none"> <li>1) Visita ás instalacións dun xornal ou a unha exposición(<i>La Voz de Galicia</i> ou <i>El Ideal Gallego</i>, a concretar).</li> <li>2) Visitas a monumentos arquitectónicos significativos.</li> <li>3) Visita a un Museo, Fundación ou Exposición.</li> </ol>
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apreciar diferentes estilos arquitectónicos e observar as características dos edificios segundo a súa funcionalidade.</li> <li>- Tomar conciencia do Patrimonio Histórico-Artístico.</li> <li>- Apreciar e valorar os elementos do Deseño Urbanístico.</li> <li>- Tomar contacto directo con manifestacións artísticas contemporáneas e aprender a valoralas contrastándoas con outras de carácter histórico.</li> </ul>
OBSERVACIÓNS	Tratarase de coordinar esta actividade con outros departamentos para desenvolver o seu potencial interdisciplinario.
<b>Concursos</b>	
ACTIVIDADES:	Participación nos concursos de carteis, tarxetas de Nadal, etc. que vaia convocando o Centro ou outras institucións da vila de Miño ou da Comunidade Autónoma ó longo do curso. Participación no concurso anual organizado pola ONCE.



**OBXECTIVOS:**

- Valora-la importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión e de comunicación de mensaxes.
- Tomar contacto cos elementos fundamentais do Deseño Gráfico.
- Planificar, individual ou cooperativamente, as fases do proceso de creación e realización dun proxecto.
- Tomar conciencia das limitacións que padecen os invidentes para desenvolverse na sociedade e contribuír activamente á súa integración.

## 14.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

### Contribución ao Proxecto Lector do Centro

- A existencia dunha biblioteca de Aula como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, contribuirá á función dinamizadora da actividade educativa.
- Integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
- O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.
- Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.
- A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.
- Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.
- Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

As actividades previstas por este Departamento son as que ven realizando dende hai anos: lectura comprensiva en común de cada unidade do libro de texto, lectura comprensiva en común de pequenos textos de artistas, textos periodísticos relacionados coa materia, cómics (con especial incidencia nas características propias deste linguaxe), etc. e análise de transferencias de linguaxes. Ademais, en cada curso cada alumno terá que realizar cada trimestre, e con carácter obrigatorio, unha **ficha de lectura** segundo un modelo e unhas instrucións que se lle proporcionarán a través da Aula Virtual do Centro a partir dun cómic do itinerario lector de cada curso.

Modelo de ficha de lectura obrigatoria:

FICHA DE LECTURA DE CÓMIC	
<b>Título:</b> <b>Título orixinal:</b>	<b>Título da serie:</b> <b>Título orixinal da serie:</b>
<b>Autor/a, autores/as:</b> <b>Tradutor/a:</b>	<b>Editorial:</b> <b>Lugar da edición:</b>
<b>Ano da edición:</b> <b>Ano da 1º edición:</b>	<b>Idioma:</b> <b>Idioma orixinal:</b>
<b>Xénero:</b>	
<b>Argumento:</b>	
<b>Técnica empregada e estilo gráfico:</b>	
<b>Formato narrativo e características da narración:</b>	
<b>Opinión persoal:</b>	

Os itinerarios lectores para cada curso serán os seguintes:

### ITINERARIO LECTOR DA MATERIA DE EPVA 1º ESO Escolle un por cada trimestre

Título	Autor	Editorial
Un libro da serie <i>Asterix el galo</i>	René Goscinny e Albert Uderzo	Varias editoriais
Un libro da serie <i>BONE</i>	Jeff Smith	Astiberri
Un libro da serie <i>Os Barbazóns</i>	Pepe Carreiro	Toxosoutos
Un libro da serie <i>Mafalda</i>	Quino	Lumen
<i>Carlitos y Snoopy</i>	Schulz	varias
<i>Los dioses mienten</i>	Kaori Ozaki	Milky Way, ed.
Un libro da serie <i>Lucky Luke</i>	Goscinny e Morris	Varias ed.
Un libro da serie <i>Mortadelo y Filemón</i>	Ibáñez	Varias ed.
Un libro da serie <i>Tintín</i>	Hergé	Varias ed.
Calvin y Hobbes	Bill Watterson	Ediciones B
Un libro da serie <i>¡Yotsuba!</i>	Koyohico Azuma	Norma ed. Cómic manga
Un libro da serie <i>Los diarios de Cereza</i>	Joris Chambain, Aurelie Neyret	Alfaguara
<i>Primates. La intrépida ciencia de Jane Goodall, Dyan Fosey y Biruté Galdikas</i>	Jim Ottaviani, Maris Wicks	Norma ed.

### ITINERARIO LECTOR DA MATERIA DE EPVA 3º ESO Escolle un por cada trimestre

Título	Autor	Editorial
Un libro da serie <i>Tintín</i>	Hergé	Varias editoriais
<i>A mansión dos Pampín</i>	Miguelanxo Prado	Proxecto Terra
<i>Los dioses mienten</i>	Kaori Ozaki	Milky Way ed.
<i>El diario de Anna Frank</i>	Ari Folman/ Davis Polonsky	De Bolsillo

<i>La memoria del agua</i>	Mathieu Reynès/ Valéry Vernay	Norma ed.
<i>Coraline</i>	Neil Gaiman	Roca juvenil
Un libro da serie <i>Mafalda</i>	Quino	Lumen
<i>María e mais eu</i>	Miguel Gallardo	El patito ed.
<i>Mafalda</i>	Quino	Lumen
<i>Engurras / Arrugas</i>	Paco Roca	Astberri
<i>Cuanta tierra necesita un hombre</i>	Martin Veyron (Relato de Leon Tolstoi)	Norma ed. Cómic europeo
<i>Fullmetal Alchemist</i>	Hisomu Arakawa	Norma ed.
<i>Jalisia Kanibal</i>	Luis Davila	Retranca ed.
<i>La isla del tesoro</i>	Stevenson/Pratt/Milani	Norma ed. Clásicos ilustrados
<i>Moby Dick</i>	Melville/Thomas/Alxe	Norma ed. Clásicos ilustrados
<i>La Ilíada</i>	Homero/Thomas/sepúlveda	Norma ed. Clásicos Ilustrados

**ITINERARIO LECTOR DA MATERIA DE EPVA 4º ESO**  
**Escolle un por cada trimestre**

<b>Título</b>	<b>Autor</b>	<b>Editorial</b>
<i>Engurras/ Arrugas</i>	Paco Roca	Astiberri
<i>Persépole/ Persépolis</i>	Marjane Satrapi	Norma Editorial
<i>Bordados</i>	Marjane Satrapi	Norma Editorial
<i>Maus</i>	Art Spiegelman	Mondadori
<i>Los surcos del azar</i>	Paco Roca	Astiberri
Un libro da serie <i>Blacksad</i>	Díaz Canales/ Guarnido	Norma ed.
<i>El diario de Anna Frank</i>	Ari Folman/ Davis Polonsky	De Bolsillo
<i>La memoria del agua</i>	Mathieu Reynès/ Valéry Vernay	Norma ed.

<i>Barrio Lejano (I, II)</i>	Jiro Taniguchi	Ponent Mon
<i>Entender o cómic</i>	Scott McCloud	Rinoceronte
<i>Coraline</i>	Neil Gaiman	Roca juvenil
<i>Las aventuras de Max Fridman, No pasarán</i>	Giardino	Norma ed.
<i>Logicomix</i>	Doxiadis/Papadimitriou	Salamandra
<i>El arte de volar</i>	Altarriba/Kim	Norma ed. Cómic europeo
<i>El ala rota</i>	Altarriba/Kim	Norma ed. Cómic europeo
<i>Cuanta tierra necesita un hombre</i>	Martin Veyron (Relato de Leon Tolstoi)	Norma ed. Cómic europeo
<i>Esos días que desaparecen</i>	Timothé Le Boucher	dib-buks

## Contribución á integración das tecnoloxías da información e a comunicación

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

A contribución da área de Educación Plástica e Visual a esta integración concrétese en:

- Análise das principais aplicacións informáticas de creación e de tratamento de imaxes fixas e en movemento e as súas utilidades na práctica cotiá e profesional.
- Análise de elementos periféricos de utilidade na creación e reprodución de imaxes.
- Visitas periódicas á Sala de Informática para realizar consultas informativas na rede e posterior tratamento da información e posta en valor da mesma como coñecemento.

## 15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

### Informes Mensuais do Departamento de Artes Plásticas

A avaliación continua e permanente da Programación Didáctica realizarase nas horas semanais asignadas a tal fin no horario do, ata o de agora, único membro do Departamento de Artes Plásticas. Ao tratarse dun Departamento unipersoal non se farán reunións e, por tanto, actas de reunións. En lugar destes documentos, o Xefe do Departamento redactará, cunha periodicidade mensual un informe que conteña as incidencias recentes, unha valoración do desenvolvemento da programación, as adquisicións de novos materiais, o inicio de programas de RE ou doutras estratexias de atención á diversidade. En definitiva, seguiranse os mesmos indicadores de logro descritos no apartado 8 desta programación.

Tamén se valorarán nos Informes Mensuais os resultados das avaliacións trimestrais e a relación destes co desenvolvemento da Programación. Estes informes serán impresos e encadernados no denominado **Libro de Actas do Departamento de Artes Plásticas** e servirán de base para a redacción da memoria de Final de Curso.

### Cumprimento da Programación Didáctica

Análise en conxunto do cumprimento do programado, destacando aqueles aspectos que merecen ser modificados no curso seguinte para mellorar os procesos de ensinanza-aprendizaxe e a práctica docente

Posibles **indicadores de logro**:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				

11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

## Resultados da avaliación ordinaria de cada grupo

Análise dos resultados da avaliación final ordinaria de cada curso e valoración dos mesmos acompañada, se procedese, de propostas de intervención ou de modificacións na Programación para o curso seguinte.

## O libro de texto e os libros de lectura

Revisión do uso que os alumnos deron do seu libro de texto para valorar a súa continuidade así como dos libros de lectura obrigada do Itinerario Lector de cada curso por ver a necesidade de realizar cambios.

## Estado da Aula de Plástica

O Departamento de AAPP fará as xestións que estean na súa man para recuperar a Aula de Plástica para o uso que lle corresponde, xa que a carencia deste espazo causa un serio detrimento na formación do alumnado do CPI Castro Baxoi.



## 16.- ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DEBIDO Á CRISE SANITARIA CAUSADA POLA COVID-19:

**Metodoloxía que se seguirá no caso de ensino a distancia**

<b>Metodoloxía e actividades para teletraballar no caso de ensino a distancia</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Procurarase no posible <b>manter o ritmo de traballo normal</b>, pero terán que facer a lectura comprensiva de cada tema e consultar as posibles dúbidas a través do foro específico de tema na <b>Aula Virtual</b>.</p> <p>Iranse <b>activando as fichas</b> para actividades de tipo práctico e/ou teórico e indicando as datas de entrega no <b>calendario da Aula Virtual</b>.</p> <p>Iremos <b>informando ao alumnado dos resultados</b> que vaian obtendo en cada instrumento de avaliación e, de ser o caso, prescribindo as actividades de recuperación e/ou de reforzo que fosen precisas.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>A <b>metodoloxía</b> non dista moito da normal nas clases ordinarias, xa que levamos anos empregando a Aula Virtual como libro de texto dixital e procuramos que o alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Os contidos</b> están colgados en documentos pdf que deberán ser lidos comprensivamente polo alumnado nas súas casas de maneira individual, resolvéndose as dúbidas a través de foros de carácter xeral e/ou específico.</li> <li>• <b>As actividades teóricas (Cuestionarios)</b> iranse colgando de xeito progresivo en documentos pdf e son os cuestionarios tipo de sempre para faceren nos seus respectivos cadernos de papel.</li> <li>• <b>As actividades prácticas (Laminas)</b> tamén iranse colgando de xeito progresivo en documentos pdf e serán para realizar a man en láminas de tipo convencional. As explicacións para as actividades prácticas, que na clase víñase facendo con proxeccións na pantalla xigante de imaxestomadas coa web cam de sobremesa, agora fanse con gravacións de vídeo colgadas a carón dos documentos correspondientes.</li> <li>• <b>O alumnado deberá fotografar os seus traballos</b> segundo unha instrucións específicas e serán enviados por correo electrónico ao enderezo de mail indicado para tal fin. O profesor contestará cunha valoración da tarefa feita e con mensaxes de ánimo e apoio ao labor de cada un e rexistrará na ficha individual o cumprimento da actividade.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<p><b>Aula Virtual</b> do CPI <i>Castro Baxoi</i>: É o principal recurso para amosar contidos, reforzalos con ligazóns e apoialos con vídeos e tamén para comunicar co alumnado de xeito individual e colectivo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Os temas</b>: Están ordenados segundo a Programación Didáctica e constan de contidos, cuestionarios e láminas con apoio de vídeos e/ou ligazóns para ampliación.</li> <li>• <b>Os foros</b>: Un <b>Foro de dúbidas xeral</b> no curso para intercambio de información xeral da materia como anuncios de apertura de temas, actividades prácticas e/ou teóricas, anuncios de prazos de entrega... Un <b>Foro de dúbidas específico</b> en cada tema, para a resolución de cuestións concretas.</li> <li>• <b>As contas de correo</b>: Para responder dúbidas, intercambiar información sensible (sobre cualificacións, por exemplo)</li> </ul>

- empregaremos principalmente o servizo de mensaxería da Aula Virtual, pero tamén o corporativo edu.xunta.gal. Para envío-recepción de arquivos pesados (fotos de traballos, vídeos, presentacións...) empregaremos o gmail.
- **Vídeo-conferencia:** Polo de agora empregado soamente en reunións de profesorado por nivel ou por curso.

## Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinaza telemática

- En caso de ter alumnos/as que **abandonen as súas obrigas académicas**, informaremos ao/á profesor/a titor/a para que avise á familia responsable seguindo o prescrito nas NOF do Centro.
- En caso de dificultades extremas de **imposibilidade de conexión** proporcionaríamos o material necesario nun soporte de gravación portátil (CD, pendrive...) ou mesmo en papel impreso.

## Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado

Mecanismos de seguimento da actividade docente telemática	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Os foros:</b> Un <b>Foro de dúbidas xeral</b> no curso para intercambio de información xeral da materia como anuncios de apertura de temas, actividades prácticas e/ou teóricas, anuncios de prazos de entrega... Un <b>Foro de dúbidas específico</b> en cada tema, para a resolución de cuestións concretas.</li> <li>• <b>As contas de correo:</b> Para alumnado e familias, para responder dúbidas, intercambiar información sensible (sobre cualificacións, por exemplo) empregaremos principalmente o servizo de mensaxería da Aula Virtual, pero tamén o corporativo edu.xunta.gal.</li> <li>• <b>EspazoAbalar:</b> Para comunicacións coas familias e transmisión de información de interese individual ou grupal.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, ademais en cada curso publicitarase unha versión abreviada desta adaptación da Programación.

Miño, 15 de setembro de 2021  
O Xefe do Departamento de Artes Plásticas

Asdo. Antón Prego Fernández